



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GALICIA, INDAGA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 27 de xaneiro de 2009, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se crea o centro de innovación na formación profesional de Galicia, INDAGA.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón a adición do texto: “, *centros tecnolóxicos, departamentos de investigación universitarios e outras administracións públicas*” no apartado a) do artigo 7, logo de: “*coas empresas*” e antes de: “*no marco das competencias...*”. (Páxina 4, liña 12).

2.- Así mesmo propón, no apartado b) do artigo 10, a adición do texto: “*públicas*”, logo de: “*administracións*” e antes de: “*en proxectos relacionados*”. (Páxina 5, liña 31).

3.- No apartado a) do artigo 11, correspondente ás funcións do departamento de teleformación, proponse a substitución do texto: “*Propor plans de mellora da interconectividade dos centros para optimizar as redes e os recursos informáticos*” polo seguinte: “*Propor plans de mellora e de optimización das redes e recursos informáticos para a prestación dos servizos*”. (Páxina 6, liñas 10 e 11).

4. Para o punto 6 do artigo 14, proponse a adición de: “**Decreto**” ao remate do parágrafo. (Páxina 8, liña 26).

5.- No artigo 15, propónse a substitución de: “*coordinador ou a coordinadora*” por: “*asesor ou a asesora*”. (Páxina 8, liña 33).

6. Para o punto 2 do artigo 21, propónse a adición de: “*dos diferentes departamentos e os asesores ou asesoras*” despois de: “*coordinadores ou coordinadoras*” e antes de: “*, o plan estratéxico...*”. (Páxina 10, liña 14).

7. No mesmo artigo 21, mais no apartado 3, propónse a adición de: “*devanditos*” logo de: “*coa colaboración dos*” e antes de: “*coordinadores ou coordinadoras*”, (páxina 10, liña 17), e tamén a adición de: “*e asesores ou asesoras*”, inmediatamente despois de: “*coordinadores ou coordinadoras*” e antes de: “*, un plan anual*”, (páxina 10, liña 18).

O Secretario

V. e Pr.

A Vicepresidenta,

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

Asdo.: Milagros Blanco Pardo